



Sábado, 26 de mayo de 2007 | Número 2697 I Año VII

Noticia:<http://www.xornal.com/article.php3?sid=20070525131819>

Medio Ambiente expón én Córdoba o programa educativo "Climática"

A iniciativa xa foi recoñecida polo Ministerio de Medio Ambiente, que resaltou o seu carácter líder no eido da divulgación e da formación.

(Viernes, 25 de mayo de 2007)

XORNAL I Santiago.- A [Consellería de Medio Ambiente](#), a través da dirección xeral de Desenvolvemento Sostible, participou no cuarto Seminario sobre Comunicación, Educación e Participación fronte ao Cambio Climático que se está a celebrar en Córdoba. No transcurso deste seminario, o autor e director do proxecto "Climática", Francisco Sónora Luna, expuxo a experiencia deste programa singular e pioneiro no estado, que, tal e como recoñeceu o Ministerio de Medio Ambiente, lidera as iniciativas que no eido da divulgación e da formación se están a facer en España.

XORNADAS.- Trátase dunhas xornadas de traballo na que se analizan e debaten as estratexias a seguir para divulgar e adoptar iniciativas coas que facer fronte ao fenómeno do cambio climático.

No seminario participaron tamén representantes doutras comunidades como Cataluña, Aragón e Andalucía, ademais dos responsables da oficina do cambio climático e do centro de educación, que analizaron as distintas estratexias de adaptación e mitigación fronte a este fenómeno medio ambiental. De feito, as accións planificadas, en opinión dos responsables da [Consellería de Medio Ambiente](#), teñen dado como resultado que, con 18 meses de traballo, o Observatorio da Sostibilidade de España, recoñeza a Galicia, xunto con Andalucía, Valencia, Illas Baleares e País Vasco, como as comunidades que destacan no deseño de accións de loita contra o cambio climático.

O PROXECTO "CLIMÁTICA".- Formar e sensibilizar sobre o cambio climático, as súas evidencias e os seus efectos, para que a cidadanía adopte novos comportamentos que conduzan a unha sociedade menos dependente das emisións de CO₂, son os obxectivos principais dun amplo programa co que a [Consellería de Medio Ambiente](#) e Desenvolvemento Sostible pretende chegar a todos os sectores da sociedade. Trátase dun proxecto que inclúe un programa de educación ambiental denominado "Climática", que se puxo en marcha o pasado mes de febreiro.

A campaña de formación e sensibilización é un dos catro programas incluídos dentro do Plan Galego de Acción contra o Cambio Climático posto en marcha polo actual goberno. O plano inclúe, ademais da xa mencionada, accións que xa se están a executar, de mitigación, adaptación e investigación.

A campaña de sensibilización inclúe actuacións distintas programadas en función do sector da poboación ao que vai dirixido. Así, xa se fixo unha campaña de difusión e divulgación dirixida á público en xeral a través dos medios de comunicación e mediante ciclos de conferencias, exhibición de vídeos e exposicións sobre o cambio climático. As charlas, que se realizaron en colaboración coa Obra Social de [Caixa Galicia](#), tiveron lugar, primeiro, nas sete grandes cidades galegas, para posteriormente trasladarse ás vilas.

Outro dos piares desta campaña é o fomento de cursos de formación a nivel universitario. De feito, o ano pasado a dirección xeral de Desenvolvemento Sostible, coa colaboración da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, organizou o curso Cambio Climático: Reto e Oportunidade do Século XXI , que tivo lugar no mes de xullo no Centro de Investigación Ambiental de Lourizán (Pontevedra).

[Actualidad del mundo Gay](#)

Frecuencia Gay ofrece información, noticias, fotos y vídeos sobre Gays


[Sexy Girls At The Beach](#)

Find out 8 tips to win sexy girls. Enjoy sexy girls now at the beach

Anuncios Google

© [Xornal Galinet S.A.](#) Xornal se edita en A Coruña (España,UE). Ronda de Outeiro, nº421, 1ºB, A Coruña, 15011. Teléfono: (34) 981 91 55 50. Fax: (34) 981 91 55 70. Redacción:

redaccion@xornal.es. Publicidad: comercial@xornal.es

[Puesto del Top 100 gallego](#). Publicación digital controlada por  Alexa